



CICLO MULLERES GALEGAS

CONFERENCIA

“A violencia contra a muller na obra das escritoras galegas”

a cargo de **CRIS FELPETO**
VENRES 24 DE NOVEMBRO DE 2023 - 20:00 HORAS
CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o **venres 24 de novembro de 2023**, na **Casa da Cultura de Vilalba**, ás **20:00** horas, unha **CONFERENCIA** sobre “**A VIOLENCIA CONTRA A MULLER NA OBRA DAS ESCRITORAS GALEGAS**”, que será impartida por **CRIS FELPETO**, Filóloga. Presentará o acto **MARISA BARREIRO**, presidenta do **IESCHA**.

Esta será a **oitava conferencia** correspondente ao ciclo **MULLERES GALEGAS**, e nesta ocasión coincide no tempo tamén co DÍA INTERNACIONAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS.

O ciclo mencionado programouse polo IESCHA para levar a cabo durante todo este ano 2023, A primeira tivo lugar no mes de xaneiro e correu a cargo de GERMÁN CASTRO que nos falou da científica galega **ÁNGELES ALVARIÑO**; a segunda, no mes de marzo, foi impartida por VANESA SISO e levaba por título: “*A cousificación e mercantilización do corpo das mulleres. Revisión das cantigas de tradición oral*”; a terceira, no mes de abril, impartida por LUZ DARRIBA co título “*Para reter a auga. Conversas ao redor de María Casares*”; a cuarta, a cargo de RICARDO POLÍN, no mes de maio, titulada “*A que fía, ama e ora. Estampas da muller tradicional na literatura de costumes (e no gravado antigo)*”, a quinta, no mes de xuño, impartida por MARTA COLLAZO “*Achegas feministas no itinerario de exeria*”, a sexta, no mes de setembro, versou sobre a figura de “*Juana de Vega*”, e correu a

cargo de XOSÉ RAMÓN VEIGA ALONSO, ANA CABANA IGLESIA E MARTA VEIGA IZAGUIRRE, e a sétima, no mes de outubro, co título de “*Tralas pegadas da Vella. O recordo no folclore da Gran Deusa Prehistórica*”, impartida por LIDIA MARIÑO.



CRISTINA FELPETO GARCÍA

Licenciada en Filoloxía Hispánica pola USC.

Ten estudos de Terceiro Ciclo dentro do programa de Doutoramento de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela (bienio 2001-2003), dotado con mención de calidade polo MEC. Defensa de TIT *La recreación en Blade Runner. Novela, película, videojuego*, (09/2003). Sobresaliente por unanimidade do tribunal do TIT e de Apto polo Tribunal Único. DEA en Teoría da Literatura e Literatura Comparada pola USC (2003).

Cursos e congresos: Curso de Adaptación Pedagóxica / CAP (2002). X Congreso da Asociación Española de Semiótica “Arte y Nuevas Tecnologías” (2002). Curso de Formación Continua “Espacios culturales y creación literaria: narrativas peninsulares recientes (lectura crítica de textos literarios)” (2004). I Master en Edición organizado polo Departamento de Filoloxía Galega de la

Facultade de Filoloxía da USC (2005). 100 horas de prácticas editoriais no Servizo de Publicacións da USC (2005).

Idiomas: Galego, Castelán, Inglés.

Colaboradora externa nos Informes de Literatura 2001 e 2002 do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Becaria do Proxecto CORDE da RAE no período 2002-2004. Picado de código XHTML para publicación en motor de busca de textos do Século de Ouro. Revisora editorial (corrección ortotipográfica e estilística

Tradutora, Correctora ortotipográfica. Correctora de estilo. Transcritora...